
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/48-1
Entidade	CONFRARÍA DE RIANXO	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), Ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e Longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>)
Ámbito do plan	Autorizacións da Confraría de Pescadores de Rianxo: De Pta. Neixón a Río Té (910.000 m ²), de Pta. da Torre a Pta. Fincheira (400.000 m ²), de Pta. Fincheira a Pta. Palleiro (2.000.000 m ²), de Pta. Portomouro a Pta. Bodión (200.000 m ²) e de Pta. Bodión a Pta. Leixón (260.000 m ²).
Subzonas de explotación	De Pta. Palleiro a peirao de Leiro, de peirao de Leiro a Pta. Seveira, praia de Lodeira, praia do Porrón, de praia de Tanxil a Pta. Fincheira, de peirao de Rianxo a Lóngaras, Rinlo, de praia da Torre a Pta. Iñobre, de Pta. Iñobre a Pta. Neixón, de Pta. Neixón a Area Basta, de Agüeiros a Bodión e do Bodión a Pta. Portomouro.

Participantes no plan de explotación

Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
161	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
20	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	168										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ :											
Modalidade⁽³⁾:											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura⁽⁶⁾

Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/ Habilitación
Ameixa fina	3 kg	-	-
Ameixa xaponesa	6 kg	-	-
Ameixa babosa	2 kg	-	-
Berberecho	30 kg	-	-
Longueirón vello	3 kg	-	-

Artes a empregar	Rastrillo, sacho, angazo, Sal para a captura de longueirón.
Puntos de control	Zonas de produción



Puntos de venda	Lonxa de Rianxo
------------------------	-----------------

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas			X	X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras			X	X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa xaponesa e ameixa fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa xaponesa, ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións												
Especies: Ameixa xaponesa, ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Vixilancias												
Tódolos días do ano agás os días de traballo, en grupos e por zonas.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Especies: Inclúese por primeira vez o longueirón vello ás especies obxecto de extracción. Aínda que esta especie non está recollida como especie autorizada nas zonas explotadas en réxime de autorización, a súa presenza nestes bancos e o carácter residual da súa explotación, como especie acompañante, aconsellan a súa inclusión neste plan de explotación a pé de moluscos bivalvos en zonas de autorización. A inclusión desta especie facilitará a súa explotación e suporá, previsiblemente, un incremento do rendemento económico do traballo dos mariscadores de a pé.

Participantes: Inclúe un listado de 163 mariscadores, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2010 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar neste plan é de 161.

Ampliación: Autorízase a ampliación do número de permisos en 20, dado o bo estado dos recursos, co obxecto de cubrir as vacantes producidas nestes anos.

Artes: A gancha a pé non é un arte contemplada no Decreto 424/1993, polo que o seu emprego



só poderá realizarse ao abeiro dun plan experimental.

O día 23 de decembro de 2009 a xunta directiva remitiu á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños o acordo para o uso da gancha a pé en niveis mareais de 0,80 m ao igual que nos anos anteriores. Sen embargo, dita proposta non conta, no momento da elaboración desta ficha, coa ratificación por parte da xunta xeral da confraría. Polo que a súa inclusión no plan experimental de gancha a pé (e polo tanto, a autorización para o seu uso) queda supeditada a que exista tal ratificación por parte da xunta xeral da confraría.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Traballos de semicultivo e vixilancia: A organización das accións de rexeneración, acondicionamentos, semicultivo, vixilancia... está perfectamente definida, indicando a obriga da participación de tódolos mariscadores, e que estes traballos computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

Réxime sancionador: O plan reflite que o incumprimento das normas por parte dos mariscadores poderá ser sancionadas conforme ao establecido nos estatutos da confraría ou na Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo pesqueira de Galicia, ante a Consellería do Mar. Lembrar que primeiramente habería que iniciar o procedemento sancionador oportuno.

Puntos de control: O día 16 de decembro de 2009, o departamento territorial requiriu á confraría de Rianxo as normas de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables. Dito requerimento foi contestado o día 22 de decembro de 2009 coa información solicitada e unha nova redacción do apartado 5.3 do plan relativo aos puntos de control.

O punto de control é o instrumento para verificar que se cumpren determinadas medidas de xestión que son necesarias para unha explotación sostible do recurso. Así, neste punto, verifícase o cumprimento dos tamaños mínimos, dos topes de captura e compróbase que as persoas que exercen a actividade están habilitadas.

En relación coa proposta de funcionamento do punto de control acordada pola asemblea de mariscadoras cómpre advertir que, os excesos dos topes de captura autorizados deben ser retirados a cada mariscadora no punto de control e devoltos ao mar, sen prexuízo de que as mariscadoras recollan ou completen o tope de captura que corresponde ás persoas que desenvolven as labores de control.

Deberán **achegar** a seguinte documentación:

- Descrición do modo de organización dos puntos de control e das persoas responsables dos mesmos, con anterioridade á entrada en vigor deste plan.